

## SEMINARIO

# Prevención das condutas suicidas

JOSÉ EDUARDO RODRÍGUEZ OTERO

**Sábado 27 de setembro de 2025**

Facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela

De **10:00 a 14:00** e de **16:00 a 20:00** horas

Acreditaranse 8 horas de formación



A ATFM de Galicia organiza para o sábado 27 de setembro de 2025 o seminario “**Prevención das condutas suicidas**” impartido por **José Eduardo Rodríguez Otero**, psicólogo clínico na **Unidade de Prevención do Suicidio da área Sanitaria de Vigo** desde 2021. Realiza un traballo eminentemente clínico co obxectivo de evitar o suicidio de persoas que se estima que están en grave risco por realizar tentativas recentes ou estar a ter ideación autolítica grave.

Ten publicacións en revistas nacionais e internacionais, e participación na elaboración de capítulos sobre prevención do suicidio en manuais de tratamentos eficaces.

Membro do grupo **Ciencia e Divulgación en Prevención e Saúde Mental (Ciprés)** da Universidade de Oviedo.

Ten realizado múltiples eventos formativos en contextos sanitarios, educativos e sociais, así coma o proxecto divulgativo chamado “**Artículo de los jueves**”, no que se comentan artigos sobre prevención do suicidio en **LinkedIn**.

### OBXECTIVOS

1. Reflexionar sobre o posicionamento ético do/a psicoterapeuta ante as condutas suicidas.
2. Coñecer as cifras de suicidio e as tendencias no ámbito autonómico e estatal.
3. Coñecer os principais factores de risco e as implicacións que teñen na abordaxe clínica.
4. Coñecer os principais modelos explicativos da conduta suicida.
5. Familiarizarse cos conceptos de prevención universal, selectiva e indicada.
6. Saber as principais intervencións en cada un dos ámbitos de prevención.
7. Fundamentar un caso clínico cunha persoa en risco de suicidio.
8. Diseñar unha primeira consulta cunha persoa con ideación autolítica ou tentativa recente.
9. Sinalar as particularidades da intervención nunha posvención.
10. Identificar recursos de interese que poidan permitir aumentar os coñecementos neste eido.

### METODOLOXÍA

- Clase maxistral con exposición dos contidos do programa e exemplos reais de casos que ilustren os mesmos.
- Grupos de traballo entre os/as asistentes para debater sobre o posicionamento ético ante as condutas suicidas.
- Exposición de casos clínicos reais e espazo para que os/as asistentes expoña cuestións sobre situacións nas que tivese dificultades con esta casuística.
- Constantes referencias os contidos traballados mediante resumos do explicado para favorecer unha aprendizaxe progresiva sobre a base do xa tratado.



máis información aquí!

Asociados/as da ATFM de Galicia/FEATF/SPTF **30 €**  
Comprobarase na FEATF/SPTF  
Colexiados/as do COPG e do COTSG **40 €**  
Xuntar carné colexiado/a

Estudiante universitario/a, máster e 3º Ciclo **30 €**  
Xuntar certificación da Secretaría da Facultade  
Demandantes de emprego **30 €**  
Xuntar xustificante actualizado da situación

Outros/as profesionais **50 €**

Capacidade limitada a **100 prazas** que se encherán por orde de recepción. Data límite de recepción de inscricións: **23 de setembro de 2025**